

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de novembro de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e vinte minutos do día vinte e un de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1357).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1358).- PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS. EXPTE. 33/141.**

Examinadas as actuacións do expediente relacionanse os seguintes ANTECEDENTES:  
Dictame, de novembro de 2010, emitido polo catedrático de Derecho Administrativo, Sr. Ramón Fernández, a requirimento do Excmo. Concello de Vigo sobre a posibilidade de prorrogar a concesión da xestión do Servizo municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento.

Informe emitido polo titular da Asesoría Xurídica, de data 9.11.10, e informe do interventor xeral municipal, de data 25.11.10, sobre a prórroga do contrato de concesión da xestión integral do Servizo municipal de Abastecemento de auga e Saneamento de Vigo.

Informe do secretario xeral do Pleno, de data 22.10.11, sobre a modificación do réxime de prórrogas no contrato de concesión da xestión integral do Servizo público de Abastecemento e Saneamento de Auga.

Informe de procedementos acordados en relación co control financeiro do cálculo de componente da tarifa da auga correspondente á recuperación do investimento realizada pola sociedade concesionaria, Aqualia FCC Vigo UTE, realizado por Pricewaterhouse Coopers Auditores S.L., con data 27.10.11.

Con data de entrada no Rexistro Xeral, 21.11.11, consta escrito presentado por Aqualia, en resposta a escrito do Concello de Vigo de data 24.10.11, de aceptación de prórroga da concesión do Servizo municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga de Vigo, e na mesma data de entrada no Rexistro Xeral, outro escrito aclaratorio presentado por Aqualia en relación co compromiso de financiación asumido.

O 21.11.11, o Secretario xeral do Pleno emite informe aclaratorio respecto o seu informe de data 21.10.11, en relación coa prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e saneamento da Auga.

O xefe da Área de Investimentos, o 21.11.11, formula informe-proposta a Xunta de Goberno local, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Examinado o escrito de aceptación presentado no Rexistro Xeral deste Concello, con data 21/11/2011 pola Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en resposta ao trámite de audiencia concedido por esta Administración Municipal, según comunicación de data 24/10/2011, unha vez analizado o informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral de data 25/11/2010 así como o suscrito polo Titular da Asesoría Xurídica de data 09/11/2010 e tendo en consideración o “Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Sociedade Estatal Agua de la Cuenta del Norte, S.A. e o Concello de Vigo, para a execución do proxecto: ampliación e modernización da EDAR do Lagares”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno*

Local de data 30/07/2010 , esta Xefatura de Área, co conforme do Concelleiro Delegado de Fomento, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, de conformidade co establecido na condición 2ª do Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexeu o concurso para a adjudicación da concesión ( Pleno 5/7/1990 ) e ao tenor do preceptuado na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, en relación co previsto no artigo 121 da vixente Lei Reguladora das Bases de Réxime Local ( Lei 7/1985 ).

2º.- Deixar sen efecto os compromisos económicos asumidos por esta Administración Municipal en relación á financiación da adquisición dos terreos necesarios para a ampliación da EDAR do Lagares, que foron recollidas no “Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Sociedade Estatal Agua de la Cuenta del Norte, S.A. e o Concello de Vigo, para a execución do proxecto: ampliación e modernización da EDAR do Lagares“, sobre o que recaeu acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/07/2010.

En concordancia coa proposta formulada no parágrafo precedente estímase procedente a liberación dos créditos consignados na partida 1610 6000000 do vixente orzamento de gastos ( 1.905.040,00 euros ) así como as comprometidas no escenario plurianual ( 2012 e 2013 ) por importe respectivos de 6.678.100,00 euros e 1.690.860,00 euros.

3º.- Convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución que a continuación sinálanse:

ACTUACIONES INVERSORAS			
ANUALIDADES	Desviacións de tarifa exercicio 2010	Adquisición terreos EDAR Lagares	Outros investimentos
2011	6.574.975,68 €	1.905.040,00 €	3.000.000,00 €
2012		6.678.100,00 €	4.000.000,00 €
2013		1.690.860,00 €	4.000.000,00 €
2014			4.000.000,00 €
2015			1.000.000,00 €
2016			1.000.000,00 €
2017			1.000.000,00 €
2018			1.000.000,00 €
2019			1.000.000,00 €
<b>TOTAL:</b>	<b>6.574.975,68 €</b>	<b>10.274.000,00 €</b>	<b>20.000.000,00 €</b>

*As actuacións recollidas no parágrafo “ outros investimentos “ concretaranse nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, previo informe dos servizos técnicos e conseguinte pronunciamento da Xunta de Goberno Local.*

*As cifras de investimento consideradas no cadro anterior seran obxecto de aumento ou diminución en función das desviacións de demanda que se aprecien efectivamente sobre as consideradas (40.981.058 m<sup>3</sup>), as positivas suporan maior capacidade de financiación e investimento e as de signo contrario traduciranse nunha redución das ditas magnitudes.*

*A recuperación dos fondos comprometidos pola Entidade Concesionaria non suporán modificación ningunha na taxa pola prestación do servizo, toda vez que se autofinanciarán mediante a asignación do canon resultante a favor da Administración concedente, que se rexistre a partir do primeiro exercicio de prórroga ( 2016 ).*

*4º.- Tomar coñecemento do informe de procedementos acordados, redactado pola Consultora externa Price Water House Coopers, con data 27 de outubro de 2011 e en tal senso ordear á Entidade Concesionaria do Servizo a subsanación dos feitos concretos que se puxeron de manifesto na execución dos traballos de asistencia externa, procedendo a efectuar os axustes correspondentes no modelo de recuperación de investimentos así como requirir á mentada Entidade a aportación da información financeira que permita actualizar a retribución da concesión.*

*5º.- Sen prexuízo das obrigas asumidas pola Entidade Aqualia FCC-Vigo UTE no dispositivo terceiro do presente acordo, a Entidade Concesionaria do Servizo comprométese a levar a cabo a execución dos proxectos que se incorporan ao documento de aceptación de prórroga así como a aportación dunha cantidade anual para a co-financiación das demandas cidadáns nos ámbitos sociais, culturais e deportivos, todo isto de conformidade co seguinte desglose:*

- Aportación dunha cifra anual de 180.000,00 € con destino a co-financiación das demandas cidadáns en aspectos sociais, culturais e deportivos.*
- Control de volúmenes de captacións e verquidos.*
- Ampliación do abastecemento á zona alta de Cabral e Candeán.*
- Reforma de pedestais e impulsión do bombeo do Bao.*
- Substitución das chemineas dos grupos de emerxencia da EBAR de Montero Ríos.*
- Mellora do bombeo de abastecemento dende o Depósito de Sampaio ao Depósito de Candeán.*
- Reposición da rúa Canceleiro.*
- Remate da substitución das redes de saneamento na rúa Areal.*
- Desenvolvemento do plan de eficiencia e control de consumos municipais.*
- Plan verde.*
- Sistema de rechloración en liña en Canido.*
- Conexión á rede de saneamento na rúa López Mora, 5.*

– Saneamento de vivendas sociais da rúa Loureiro.

6º.- O presente acordo notificarase á Entidade Concesionaria do Servizo e porase en coñecemento da Secretaría Xeral, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Fomento, Xefatura da Área de Investimentos e Dirección de Ingresos aos efectos oportunos.

Na mesma data, o xefe da Área de Investimentos emite o seguinte informe complementario:

Como ampliación e complemento á proposta efectuada por esta Xefatura de Área, con data 21/11/11, sobre o asunto de referencia infórmase o seguinte:

1º.- Respecto á ausencia de informes actualizados de fiscalización da Intervención Xeral e do Titular da Asesoría Xurídica.- Esta Xefatura entende que considéranse suficientes os informes emitidos polas mentadas dependencias, con data 21/11/2010 e 09/11/2010 respectivamente, toda vez que a proposta que se formula adecúase á que se reflectía naquelas datas nas que se propugnaba a prórroga da concesión ( 5 anos ) e a necesidade de facer fronte a un plan de investimentos con destino á financiación das desviacións de tarifa, a adquisición dos terreos da EDAR do Lagares e a ampliación e mellora das redes de infraestrutura de abastecemento e saneamento de augas.

2º.- En canto ás diferencias detectadas nas cifras de investimentos propostas e as establecidas no informe desta Xefatura de data 28/10/2010.- As diferencias observadas pódense sintetizar nos seguintes aspectos:

a).- Operouse cunha tarifa media real ( cociente dos ingresos reais rexistrados no 2010 e os metros cúbicos aforados no mentado exercicio ). A mentada tarifa ascende á cantidade de 0,9156 metros cúbicos para o exercicio 2010 fronte á proxectada no informe de data 28/10/2010 que supoñía 0,96 euros/m<sup>3</sup>, o que supón introducir maior certeza e garantía de que os ingresos resultantes a partir do exercicio 2010, en concepto de canon a favor da Administración concedente, aflorarán efectivamente na recadación do Servizo.

b).- No modelo agora proxectado actuouse cunha prognosis de demanda constante dende o exercicio 2011 ao 2020 nunha contía de 40.981.058 m<sup>3</sup>, sen embargo a considerada no modelo obxecto de comparación ( 28/10/2010 ) ascendía á cantidade de 42.432.920 m<sup>3</sup> a partir do exercicio 2016, sendo crecente a partir do exercicio 2011, coa seguinte evolución:

2011 .....	40,737 millóns de m <sup>3</sup>
2012 .....	41,144 “
2013 .....	41,556 “
2014 .....	41,971 millóns de m <sup>3</sup>
2015 .....	42,391 “

c).- Inversión EDAR.- A cantidade destinada para a adquisición dos terreos da ampliación da EDAR do Lagares fixouse en 10.274.000,00 euros, reducíndose a marxe do 11% aplicada no informe de 28/10/2010, en atención á observación formulada no parágrafo IV do informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 25/11/2010.

d).- *Desviacións de tarifa.- Axustouse a previsión de desviación de tarifa establecida no informe desta Xefatura de Área inicialmente ( 7.110.345,95 euros ) que queda fixada definitivamente, unha vez feitos os cálculos reais da evolución da concesión no 2010, no importe de 6.574.975,68 euros.*

e).- *En consonancia cos axustes practicados e considerando o mesmo tipo de interese ( 6.47 % nominal anual ) a cifra dispoñible para outros investimentos queda establecida na cantidade de 20.000.000,00 euros.*

f).- *Por último significar, tendo en conta as consideracións anteriores, que o modelo de recuperación financeira introduce obviamente certa hipótesis ( tipo de interese, evolución da demanda, etc ) de cuxo cumprimento poderá alcanzarse os obxectivos de inversión previstos, se ben debe deixarse constancia que actuouse coa debida prudencia e cautela nos parámetros establecidos, tal como se acredita nos parágrafos anteriores.*

3º.- *Proponse modificar o punto segundo da proposta de acordo desta Xefatura de Área de data, 21/11/2011, que queda substituída pola seguinte:*

2º.- *En cumprimento do establecido no expositivo quinto do “Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Sociedade Estatal Agua de la Cuenta del Norte, S.A. e o Concello de Vigo, para a execución do proxecto: ampliación e modernización da EDAR do Lagares“ , a Entidade Aqualia- FCC Vigo UTE asume o compromiso económico recollido no parágrafo letra c) da cláusula III do mentado convenio e a súa materialización en concordancia co recollido no parágrafo terceiro desta proposta.*

4º.-*Observación formulada no parágrafo VII do informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 25/11/2010.- A procedencia de levar a cabo un control financeiro, de conformidade co establecido no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entende o informante que é unha recomendación que, dado o seu carácter non preceptivo, estimouse conveniente que, á vista dos prazos ( principalmente polo que respecta á adquisición de terreos do Lagares e ao cumprimento de sentenzas en materia urbanística ), substituído por un informe de procedementos acordados, redactado por auditor independente, no que se determinase a bondade, exactitude e rigor dos parámetros fundamentalmente considerados no modelo e no escenario deseñado, a saber:*

- *Data, concepto e importe do investimento, á vista das certificacións de obra.*
- *Pago cos seus correspondentes xustificantes bancarios no modelo financeiro de investimentos.*
- *Evolución real dos metros cúbicos facturados do exercicio 1998-2010.*
- *Exactitude das desviacións de tarifa activadas no modelo de recuperación dende 1998 ao 2010.*
- *Tarifa real, determinada como cociente entre a totalidade de ingresos (cuotas consumo de auga, cuotas de abono, aluguer de contadores e saneamento) e a totalidade dos metros cúbicos facturados en cada exercicio.*

*Non obstante o exposto anteriormente, o funcionario informante entende que, trala adopción do acordo de prórroga da concesión e unha vez redactado o correspondente prego de prescricións técnicas e o conseguinte de prescricións administrativas particulares, debería atenderse á recomendación formulada no informe da Intervención Xeral e, no seu caso, de conformidade co mentado control finan-*

*cieiro, efectuar as adaptacións que se considere preciso introducir no réxime económico financeiro da mentada concesión administrativa.*

### ACORDO

De conformidade cos precedentes informes-proposta do xefe da Área de Investimentos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, de conformidade co establecido na condición 2ª do Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexeu o concurso para a adxudicación da concesión ( Pleno 5/7/1990 ) e ao tenor do preceptuado na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, en relación co previsto no artigo 121 da vixente Lei Reguladora das Bases de Réxime Local ( Lei 7/1985 ).

2º.- En cumprimento do establecido no expositivo quinto do “Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, a Sociedade Estatal Agua de la Cuenta del Norte, S.A. e o Concello de Vigo, para a execución do proxecto: ampliación e modernización da EDAR do Lagares“ , a Entidade Aqualia- FCC Vigo UTE asume o compromiso económico recollido no parágrafo letra c) da cláusula III do mentado convenio e a súa materialización en concordancia co recollido no parágrafo terceiro desta proposta.

En concordancia coa proposta formulada no parágrafo precedente estímase procedente a liberación dos créditos consignados na partida 1610 6000000 do vixente orzamento de gastos ( 1.905.040,00 euros ) así como as comprometidas no escenario plurianual ( 2012 e 2013 ) por importe respectivos de 6.678.100,00 euros e 1.690.860,00 euros.

3º.- Convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución que a continuación sinálanse:

ACTUACIÓNS INVERSORAS			
ANUALIDADES	Desviacións de tarifa exercicio 2010	Adquisición terreos EDAR Lagares	Outros investimentos
2011	6.574.975,68 €	1.905.040,00 €	3.000.000,00 €
2012		6.678.100,00 €	4.000.000,00 €
2013		1.690.860,00 €	4.000.000,00 €
2014			4.000.000,00 €
2015			1.000.000,00 €
2016			1.000.000,00 €
2017			1.000.000,00 €

2018			1.000.000,00 €
2019			1.000.000,00 €
<b>TOTAL:</b>	<b>6.574.975,68 €</b>	<b>10.274.000,00 €</b>	<b>20.000.000,00 €</b>

As actuacións recollidas no parágrafo “ outros investimentos “ concretaranse nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, previo informe dos servizos técnicos e conseguinte pronunciamento da Xunta de Goberno Local.

As cifras de investimento consideradas no cadro anterior seran obxecto de aumento ou diminución en función das desviacións de demanda que se aprecien efectivamente sobre as consideradas (40.981.058 m<sup>3</sup>), as positivas suporan maior capacidade de financiación e investimento e as de signo contrario traduciranse nunha redución das ditas magnitudes.

A recuperación dos fondos comprometidos pola Entidade Concesionaria non suporán modificación ningunha na taxa pola prestación do servizo, toda vez que se autofinanciarán mediante a asignación do canon resultante a favor da Administración concedente, que se rexistre a partir do primeiro exercicio de prórroga ( 2016 ).

4º.- Tomar coñecemento do informe de procedementos acordados, redactado pola Consultora externa Price Water House Coopers, con data 27 de outubro de 2011 e en tal senso ordear á Entidade Concesionaria do Servizo a subsanación dos feitos concretos que se puxeron de manifesto na execución dos traballos de asistencia externa, procedendo a efectuar os axustes correspondentes no modelo de recuperación de investimentos así como requirir á mentada Entidade a aportación da información financeira que permita actualizar a retribución da concesión.

5º.- Sen prexuízo das obrigas asumidas pola Entidade Aqualia FCC-Vigo UTE no dispositivo terceiro do presente acordo, a Entidade Concesionaria do Servizo comprométese a levar a cabo a execución dos proxectos que se incorporan ao documento de aceptación de prórroga así como a aportación dunha cantidade anual para a co-financiación das demandas cidadáns nos ámbitos sociais, culturais e deportivos, todo isto de conformidade co seguinte desglose:

- Aportación dunha cifra anual de 180.000,00 € con destino a co-financiación das demandas cidadáns en aspectos sociais, culturais e deportivos.
- Control de volúmenes de captacións e verquidos.
- Ampliación do abastecemento á zona alta de Cabral e Candeán.
- Reforma de pedestais e impulsión do bombeo do Bao.
- Substitución das chemineas dos grupos de emerxencia da EBAR de Montero Ríos.
- Mellora do bombeo de abastecemento dende o Depósito de Sampaio ao Depósito de Candeán.



- Reposición da rúa Canceleiro.
- Remate da substitución das redes de saneamento na rúa Areal.
- Desenvolvemento do plan de eficiencia e control de consumos municipais.
- Plan verde.
- Sistema de rechloración en liña en Canido.
- Conexión á rede de saneamento na rúa López Mora, 5.
- Saneamento de vivendas sociais da rúa Loureiro.

6º.- O presente acordo notificarase á Entidade Concesionaria do Servizo e porase en coñecemento da Secretaría Xeral, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Fomento, Xefatura da Área de Investimentos e Dirección de Ingresos aos efectos oportunos.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.